

## **BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026, DA LIÑA 1 DO PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE OÍMBRA: AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN.**

### **1. OBXECTO E CUANTÍA DA SUBVENCIÓN**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar as axudas municipais a empresas calquera que sexa a súa forma xurídica, con domicilio social en Oímbra para o fomento da contratación de persoas empadroadas no Municipio de Oímbra, no momento de iniciarse a contratación, a tempo completo ou parcial, en calquera das modalidades contractuais vixentes, e cunha duración mínima de 4 meses formalizándose o contrato no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

### **2. FINANCIACIÓN DA SUBVENCIÓN**

Será con cargo a fondos propios do Concello de Oímbra, debidamente consignados no orzamento do ano 2026, aprobado definitivamente o 20/02/26, na partida 241.470, Subvencións para o fomento do emprego (axudas á contratación), dotada inicialmente con 3.000,00 Euros.

Se debido ao número de subvencións concedidas durante o ano 2026 este importe non fora suficiente, procederase a modificar debidamente o importe da partida, ata poder facer fronte ao pago de todas aquelas subvencións que foran concedidas por reunilos requisitos necesarios.

### **3. REQUISITOS PARA PODER PERCIBIR A SUBVENCIÓN**

- i) A empresa beneficiaria debe ter o domicilio social no Concello de Oímbra.
- ii) O traballador/a que se contrate debe estar empadroad/a no Concello de Oímbra, ou empadroarse no prazo de 1 mes dende o inicio do contrato e sempre antes da solicitude por parte do empresario ou sociedade da axuda. Tamén deberá ser demandante de emprego no momento da contratación
- iii) Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no art. 10.2 e 3 da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- iv) Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado .
- v) Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- vi) O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, facilitando toda a información que reclamen no exercizo das súas función de fiscalización e control do destino da subvención.

### **4. RÉXIME DA SUBVENCIÓN**

A subvención será concedida sempre que se reúnan os requisitos para poder acceder a ela, non se establece réxime de concorrencia competitiva.

### **5. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS**

No suposto de extinción da relación laboral coa persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, deberase realizar a cobertura do seu posto por un novo traballador/a que cumpla co requisito de estar empadroad/a.

Esta cobertura deberá producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ó cese, e por un período de tempo equivalente ó que restase para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou se é o caso, procederá ao seu reintegro.

No caso de nova contratación, a empresa ou entidade beneficiaria, dispón dun prazo de dez días naturais que contarán dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicar ao Concello de Oímbra a extinción do contrato e a nova contratación, debendo acreditarlo coa seguinte documentación:

-Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente, subscrito na correspondente

- oficina do SPEG e declaración responsable da causa de extinción contractual.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
  - Alta da nova persoatraballadora, no réxime de Seguridade Social.
  - Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado, tamén na correspondente oficina do SPEG.

## 6. TIPOS E CONTÍAS DAS AXUDAS

Axudas á contratación temporal a xornada completa:

- Dende 4 meses....ata menos de 6 meses.... 300,00 €
- Dende 6 meses....ata menos de 12 meses...450,00 €
- Dende 12 meses en diante..... 600,00 €

AXUDAS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA PARCIAL Serán subvencionables os contratos a tempo parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais, con redución proporcional da cuantía da axuda.

## 7. PROCEDIMENTO PARA A SOLICITUDE E COBRO DA SUBVENCIÓN.

A empresa ou entidade beneficiario/a que cumpracos requisitos especificados anteriormente, formulará a solicitude que figura como Anexo I nestas Bases, adxuntandoa documentación que a seguir se enumera:

### DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á EMPRESA:

- ANEXO I cuberto e asinado.
- DNI (se é empresario individual) OU CIF (no caso de ser persoa xurídica)
- Certificación bancaria do número de conta.
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada doutras axudas polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo II). Serán compatibles, sempre e cando non se supere o 100% do gasto.
- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento (Anexo II).
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo II).

### DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO TRABALLADOR/A

- DNI da persoa traballadora obxecto de contratación.
  - Xustificante de estar inscrito como demandante de emprego.
  - Contrato de traballo, rexistrado nunha Oficina de Emprego do SPEG.
- Toda solicitude que non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúa algunha da documentación esixida na base 5ª, seralle requirida ó solicitante conforme ó establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC
- Seguidamente, pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local emitirase un informe no que se faga constar se a empresa ou entidade solicitante cumpre cos requisitos para poder obter a subvención.

Se este informe é favorable, a Xunta de Goberno Local do Concello acordará conceder a subvención, ou denegala en caso contrario .

Unha vez concedidas e notificadas as axudas farase efectivo o abono da mesma de modo distinto segundo o tempo de contratación:

- Contratos de 4 meses ata menos de 1 ano : A axuda farase efectiva nun pagamento único, unha vez rematado o periodo de contratación estipulado.
- Contratos de 1 ano ou máis: Farase efectiva nun primeiro pagamento do 50% do importe da axuda e o outro 50 % restante rematados o periodo de contratación estipulado, (se o contrato fora indefinido ao cumprir 1 ano de contrato); Condicionado á acreditación nun prazo máximo de 1 mes por parte do beneficiario/a como xustificación da subvención, mediante documentos orixinais:

— De estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

— A presentar unha vida laboral actualizada ou certificado de empresa que amose o período total da contratación e as características da mesma.

— A presentar os TC2 correspondente ao remate do período de contratación da persoa traballadora pola que se percibe a axuda.

O pago queda tamén condicionado á emisión pola AEDL dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda e que se incorporará á correspondente conta xustificativa que se remita a Intervención.

## 8. PRAZO PARA PODER SOLICITAR A SUBVENCIÓN.

Esta subvención poderá solicitarse durante todo o ano 2026, a partir da data de publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia e terá carácter retroactivo, para aquelas contratacións que cumprindo os requisitos, tiveran lugar dende o 1 de xaneiro de 2026. (Non será posible solicitar esta axuda polo mesmo traballador máis dunha vez)

## 7. NORMATIVA APLICABLE

No previsto nestas bases estará o establecido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oimbra do ano 2026, así como ao establecido na: Lei estatal 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e na Lei galega 9/2.007, do 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

### ANEXO I . SOLICITUDE

Nome do solicitante:.....  
.....DNI/CIF:.....Enderezo a efectos de notificación..... Localidade:.....  
Código postal:..... Teléfono de contacto:..... Provincia:.....  
Correo electrónico: .....

\*Non cubrir se se trata dun empresario/a individual  
Nome da empresa : ..... CIF: .....

EXPOÑO:

1º) Que teño coñecemento das bases da convocatoria para o ano 2026, do programa de axudas municipais, destinada a financiar a contratación de traballadores /as por empresas ou entidades con sede no concello de Oímbra,

2º) Que cumpro os requisitos para poder opta a dita axuda, para o que presento a documentación requerida nas bases aprobadas ó efecto:

### DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á EMPRESA:

- ANEXO I cuberto e asinado.
- DNI (se é empresario individual) OU CIF (no caso de ser persoaxurídica)
- Certificación bancaria do número de conta.
- Declaración xurada de atoparseacorrentenasúasobrigas coa Consellaría de Economía e facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de ter ou non ter solicitado nin ter percibido, ningunh aoutra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo II).
- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento (Anexo III).
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo IV).

DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO TRABALLADOR/A

- DNI da persoa traballadora obxecto de contratación.
- Xustificante de estar inscrito como demandante de emprego.
- Contrato de traballo, rexistrado nunha Oficina de Emprego do SPEG

Que me atopo ó corrente das miñas obrigas fiscais co Concello de Oímbra, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma coa Seguridade Social.

Por todo iso. SOLICITO:

SE ME CONCEDA AXUDA SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA

En Oímbra, a .....de.....de 2026

Sinatura

**ANEXO II**

D/Dna.....  
.....DNI....., e con domicilio a efectos de notificación  
en.....  
.....,teléfono de  
contacto.....

En relación coa axuda económica solicitada ao Concello de Oímbra, destinada a financiar a contratación de traballadores /as por empresas ou entidades con sede no Concello de Oímbra para o 2026,

DECLARO baixo a miña responsabilidade,

1º) Que non incorro en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 1 de xuño , de subvencións de Galicia .

2º) Que como representante da entidade beneficiaria da axuda, acepto someterme ás actuacións de control, comprobación ou inspección que se leven a cabo pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, facilitando toda a información que reclamen no exercizo das súas función de fiscalización e control do destino da subvención.

3º) Que non percibin ningunha outra axuda para a mesma finalidade, por parte de ningunha outra administración pública ou entidade privada. Que percibin outra/s axuda/s para a

- mesma finalidade, por parte doutra administración pública , pero non superan o 100% do gasto.

Oímbra, a .....de.....de 2026

ASDO.